



Confederación Intersindical Galega

BANCA, AFORRO, SEGUROS E OFICINAS

www.galizacig.com

CONVENIO DA BANCA PRIVADA

Comunicado nº 5

Facendo tempo

Na xuntanza do día 17 de Marzo estaba previsto que se abordara Conciliación da vida laboral e familiar, Préstamos e Xubilacións forzosas a petición da AEB.

Conciliación vida laboral e familiar e Préstamos

Malia o compromiso anterior a AEB non fixo ningunha proposta. O resto dos sindicatos reiteraron o exposto nas súas Plataformas.

Nós negámonos a entrar neste xogo, a patronal xa coñece cal son as nosas peticións. En todo caso **a mellor forma de conciliar a vida laboral e familiar é cumprindo a xornada laboral e librando os sábados.**

Xubilacións forzosas

A patronal anunciou que está en marcha un proxecto de lei en materia de xubilacións. Queren anticiparse ás modificacións legais introducindo no artigo 39 do Convenio da Banca o seguinte texto: “...con el objeto de mantener el empleo y favorecer la contratación de nuevos trabajadores”.

Cremos que non cabe traer ao Convenio Colectivo unha modificación legal que aínda non foi aprobada.

A AEB pretende que a negociación do Convenio entre na mesma dinámica que nos anteriores procesos, mantendo unha posición intransixente, desprezativa e insultante cara á representación legal dos traballadores/as.

Nesta situación **son cómplices CCOO e UGT, que coa súa petición dunha suba salarial do 2%** aplicando no sector o “Acordo Estatal de Moderación Salarial”, **están entregando a negociación.**

A asemblea de delegados/a de banca da CIG aprobou o pasado día 16 de marzo **rexeitar a aplicación no sector do Acordo de Moderación Salarial, e manter unha postura firme nas reivindicacións históricas dos traballadores/as** da banca.

A vindeira xuntanza será o 7 de abril.



Galiza, 17 de marzo de 2005